

## A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

En 1939 estalou en Europa un conflito rexional que pouco despois se convertería en mundial. Como consecuencia do mesmo morreron millóns de persoas e as perdas materiais foron enormes.

### **AS CAUSAS**

A orixe da Segunda Guerra Mundial hai que buscala na nova orde mundial xurdida da Primeira Guerra Mundial. Efectivamente, o **resentimento alemán** pola imposición do Tratado de Versalles e o **malestar italiano** pola exclusión no reparto dos territorios estimulou un efecto vingativo nestes dous países.

Por outra banda, a **crise económica de 1929** favoreceu o ascenso dos movementos totalitarios en Europa e unha política agresiva de **expansionismo militar** que a Sociedade de Nacións non soubo atallar.

Neste clima, os Estados Unidos optaron polo illamento internacional e Gran Bretaña e Francia por unha política de non Intervención.

A consecuencia foi un intenso crecemento da **carreira armamentística** e o expansionismo militar das tres grandes potencias que irían unidas na Segunda Guerra Mundial.

Así, o **Xapón** do emperador Hirohito decidiu **ocupar Manchuria** en 1931 (creando o Estado de Manchukuo, ao mando do derradeiro emperador chinés Pu-Yi) e en 1937 iniciou a invasión de **China**.

A **Italia** de Mussolini non se quedou atrás e en 1935 invadiu **Etiopía** e pouco despois, en 1939, fixo o propio con **Albania**.

Finalmente, a **Alemaña** de Hitler buscou agrandar seu territorio coa invasión das terras habitadas polos pobos xermánicos. En 1936, remilitarizou a rexión de Renania, un ano despois anexionouse **Austria (o Anschluss)**, en 1938 ocupou o territorio checo dos **Sudetes** e en 1939 exerceu o protectorado sobre as rexións checas de **Bohemia e Moravia**.

A Conferencia de Munich (1938), convocada por Francia e Gran Bretaña, non soubo frear todo este expansionismo. A política de apaciguamento posta en práctica por franceses e británicos non resultou, ao igual que tampouco resultara dous anos antes con motivo da Guerra Civil Española, na que decidiron non intervir, mentres que alemáns e italianos a utilizaron como campo de probas para experimentar coas súas forzas militares.

### **AS ALIANZAS**

En 1936, Italia e Alemaña asinaron o **Eixe Roma-Berlín** como resposta ás críticas británicas pola invasión italiana de Etiopía. Esta alianza sería renovada en 1939 co **Pacto de Aceiro**, ao que se sumaría posteriormente Xapón.

Alemaña asinou igualmente o **Pacto de Non Agresión coa URSS** (1939) que tiña como finalidade o reparto pacífico de Polonia e a ocupación por parte da URSS de varios territorios bálticos.

As forzas do Eixo contaron, ademais, coa colaboración durante a contenda doutros países como Hungría, Bulgaria, Croacia e Noruega.

Polo **bando aliado**, **Gran Bretaña e Francia** unirían inicialmente as súas forzas para tentar deter o expansionismo alemán. A partir de 1941, contarían coa inestimable axuda dos **EE.UU, a URSS** e tamén Australia e Nova Zelandia.

Entre os **países neutrais** atopamos **España, Suiza, Suecia, Irlanda e Portugal**

## **AS FASES**

**A Guerra comezou o 1 de setembro de 1939 coa invasión alemá de Polonia.** Tratouse dunha guerra lóstrego (**Blitzkrieg**), na que en apenas tres semanas as divisións alemáns se fixeron co control occidental de Polonia. O resto quedaba nas mans soviéticas, que tamén se fixo co control de Finlandia. En liñas xerais pódense distinguir dúas fases no desenvolvemento da Guerra:

### **1. Os triunfos do Eixe (1939-42)**

Trala invasión de Polonia, Alemaña avanzou en espiral a partir de 1940 invadindo sucesivamente Dinamarca, Noruega, Holanda e Bélxica. Francia foi ocupada en xuño dividíndose o territorio nunha zona alemá ao norte e outra, o **Goberno de Vichy**, ao sur colaboracionista co réxime nazi.

Gran Bretaña quedou sola a merced da aviación alemá, que bombardeou sen piedade cidades inglesas como Londres ou Coventry. Sen embargo, a chamada **Batalla de Inglaterra** decantouse do lado inglés grazas a maior rapidez dos avións británicos (os Spitfire) e ao perfeccionamento do radar polos ingleses. Hitler cambiou entón de estratexia e pensou illar aos británicos por mar para impedir que lle chegaran provisiones. A **Batalla do Atlántico** tivo un resultado incerto, pero en todo caso non conseguiu o seu obxectivo.

Mentres, na fronte oriental, a URSS invadía Letonia, Lituania e Estonia e ocupou parte de Romanía, ao tempo que Italia demandaba tropas aos alemáns para facerse co control en Grecia e Iugoslavia (que desaparece como Estado, dando lugar a Serbia e Croacia).

Tamén Italia solicitou a axuda alemá no norte de África. Hitler envioulle as tropas do **Afrika Korps** ao mando do **mariscal Rommel**, quen rapidamente avanzou cara ao delta do Nilo para tentar controlar o paso cara o Mar Vermello. A confianza na vitoria de Hitler era tan grande que en xuño de 1941 decidiu invadir a URSS (**Operación Barbavermella**), chegando en pouco tempo ás portas de Moscova e Leningrado.

No Pacífico, Xapón estaba a sufrir as sancións económicas dos EE.UU, tendentes a estrangular a economía nipona e deter o seu expansionismo que xa chegara a península de Indochina. A resposta dos xaponeses foi o ataque a base norteamericana de **Pearl Harbour (Hawai)** en decembro de 1941 sen previa declaración de guerra. Nos días seguintes, os EE.UU e Gran Bretaña

### **2. A vitoria dos aliados (1942-45)**

O ano 1942 supón un punto de inflexión na Segunda Guerra Mundial. Enquistada a fronte occidental, Alemaña seguiu penetrando en territorio soviético con ánimo de chegar ás reservas petroleras do Mar Caspio. O seu avance detívose na cidade de **Stalingrado**, onde a vitoria inicial do mariscal Von Paulus sobre os rusos foi seguida dunha dura derrota que marcou o comezo da retirada alemá de territorio soviético.

No Norte de África, o Afrika Korps foi sorprendido polas tropas do xeneral inglés Montgomery no **Alamein** (Exipto) e isto supuso a retirada de alemáns e italianos do continente africano.

Co camiño libre, as tropas norteamericanas do xeneral Patton desembarcaron en Sicilia en 1943 (**Operación Torch**) e rápidamente alcanzaron a península italiana e a súa capital, Roma. Mussolini foi obrigado a dimitir e, rescatado polos alemáns, refuxiouse no norte de Italia creando a República de Saló.

**No Pacífico**, Xapón conseguiu o seu máximo apoxeo en 1942 coa toma de Birmania, Indonesia, Singapur e Filipinas, pero as **derrotas en Midway e Guadalcanal** significaron as primeiras derrotas fronte aos aliados.

En 1944, as forzas do Eixe empezaron a retroceder. Os soviéticos avanzaban por Europa Oriental liberando países baixo réximes nazis. As tropas angloamericanas se impoñían no Mediterráneo e no Pacífico, e a resistencia francesa, os chetniks serbios e os partisanos italianos debilitaban aínda máis as tropas alemanas.

Para estrangular definitivamente a Alemaña era necesario abrir unha nova fronte polo oeste. A **Operación Overlord**, é dicir, o desembarco angloamericano nas praias francesas de Normandía en xuño de 1944, foi o feito decisivo para acabar coa resistencia alemana, quen tentou infructuosamente unha derradeira contraofensiva nas Ardenas (Bélxica). A sorte estaba botada e foi cuestión de pouco tempo a rendición. Os bombardeos masivos sobre cidades como Hamburgo, Dresde, Colonia ou Berlín precipitaron os acontecementos. En abril de 1945, Mussolini era detido e fusilado polos partisanos italianos e días despois Hitler suicidábase no seu búnker de Berlín, case que ao mesmo tempo que os soviéticos entraban na cidade. **En maio, Alemaña capitulou.**

A guerra no Pacífico mantívose uns meses máis debido á resistencia xaponesa e os kamikazes (os pilotos suicidas). Tralas derrotas de Okinawa e Iwo Jima, EE.UU. decidiu rematar o conflito arroxando dúas **bombas atómicas** sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki os días 6 e 9 de agosto. A rendición definitiva tivo lugar na **bahía de Toquio o 2 de setembro de 1945**. A guerra rematara.

## **AS CONSECUENCIAS DA GUERRA**

**As perdas humanas** desta guerra foron tremendas. Dos case **60 millóns** de mortos, o 50% foi poboación civil. A URSS, China e Alemaña foron os que máis vidas perderon. Ás cifras hai que engadir outros **30 millóns de feridos** e desaparecidos, e 30 millóns de desprazados

Especial mención merece o **holocausto xudeu** que acabou con 6 millóns de mortos, a meirande parte nos campos de concentración construídos polos alemáns. Auschwitz, Treblinka, Sobibor o Mathausen son os nomes de varios campos de exterminio que serviron aos planes dos nazis para acabar co pobo xudeu.

Pero si o balance demográfico foi terrorífico, as **destrucións materiais** non foron menores. Moitas cidades foron totalmente devastadas polos bombardeos de ambos bandos (Dresde, 200.000 mortos; Hiroshima, 100.000 mortos). Alemaña perdeu o 50% dos seus edificios, as redes de comunicación europeas quedaron arrasadas, a carestía de alimentos e das produción en xeral provocaron un aumento considerable dos prezos, da inflación, da pobreza e do endebedamento.

No ámbito territorial, **Alemaña perdeu unha cuarta parte do seu territorio** que foi a parar ás mans de Polonia, a URSS e os EE.UU.

Italia perdeu as colonias en África e certos territorios europeos que pasaron a Croacia e Grecia.

Xapón cedeu as illas Kuriles e Sajalin á URSS e renunciou a Manchuria, Corea e Taiwán

## AS CONFERENCIAS DE PAZ

A organización da paz foise configurando a partir das reunións parciais que as tres grandes potencias aliadas mantiveron ao longo da guerra. Pola súa especial significación, destacan as seguintes:

1. A **Conferencia de Teherán** (1943) entre Stalin, Churchill e Roosevelt. Nela decidiuse a demanda soviética de abrir unha nova fronte polo oeste, que sería o desembarco aliado nas costas francesas.
2. A **Conferencia de Ialta** (Crimea, febrero de 1945) cos mesmos tres participantes. Nela estableceuse a división de Alemaña e Berlín en 4 zonas (tamén Austria e Viena), a delimitación das zonas de influencia das potencias na Europa liberada, a fixación da fronteira ruso-polaca na liña Curzón, e a convocatoria da Conferencia de San Francisco que crearía a ONU
3. A **Conferencia de Postdam** (Alemaña, agosto de 1945) entre Stalin, Atlee e Truman (trala morte de Roosevelt). Nela establecéronse as condicións de rendición para Alemaña (devolución de todos os territorios europeos anexionados, control da industrial, desarme total e desmilitarización), a creación dun Tribunal Militar Internacional para xulgar aos dirixentes nazis (o Proceso de Nuremberg), a delimitación das fronteiras polacas (a **liña Oder-Neisse** con Alemaña e a **liña Curzón** coa URSS) e a remodelación do resto das fronteiras dos países de Europa Central e do Leste.

En 1947, os aliados asinaron diversos tratados de paz con Italia, Finlandia, Hungría, Romanía e Bulgaria (**Tratados de París**); en 1951, con Xapón (**Tratado de San Francisco**); en 1955, con Austria; Con Alemaña, sen embargo, non habería tratado.

Europa perde definitivamente o seu papel protagonista mundial que pasará ás mans das dúas gran superpotencias, progresivamente enfrontadas na chamada “Guerra Fría”.

## AS NACIÓNS UNIDAS

A ONU fundouse na **Conferencia de San Francisco** en abril de 1945 para substituír á Sociedade de Nacións. Os **50 membros orixinais** fixaron como obxectivos: o mantemento da paz e da seguridade internacionais, o respecto ao principio de libre determinación dos pobos, a cooperación entre as nacións, a obriga de arreglar as controversias por métodos pacíficos e a non intervir nos asuntos internos dos Estados.

Os principais organismos da ONU son os seguintes:

1. A **Asamblea Xeral**, integrada por todos os países membros, actualmente **192** trala entrada de Montenegro en 2006.
2. O **Consello de Seguridade**. É o que realmente toma as decisións importantes. Componse de 15 membros, dos que 5 (**EE.UU, URSS, China, Francia e Gran Bretaña**) son permanentes e teñen dereito a veto, e o resto son elixidos pola Asamblea Xeral por un periodo de dous anos.
3. O **Secretario Xeral**: Representa á organización. Actualmente é o surcoreano **Ban-Ki Moon**
4. O **Tribunal Internacional de Xustiza**, con sede na Haia (Países Baixos). A el poden someterse os Estados de forma voluntaria

Aparte destes organismos principais, da ONU dependen outras axencias e organismos internacionais como a UNESCO, a FAO, o FMI, UNICEF ou ACNUR

A sede da ONU atópase en **Nova York** e os idiomas oficiais son: inglés, español, chino, francés, árabe e ruso